

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 07.09.2018

Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 7 de setembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

32731 (10/CPC-000058)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, por petición propia, para informar da creación e obxectivos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 329, do 29.06.2018

Punto 2. Preguntas

2.1 33464 (10/POC-005227)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 6 máis
Sobre os resultados da aplicación da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 342, do 27.07.2018

2.2 33490 (10/POC-005238)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio
Sobre as medidas a adoptar polo Goberno galego destinadas a paliar a crise do sector cunicultor
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 342, do 27.07.2018

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 31834 (10/PNC-002588)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre o deseño e a dotación orzamentaria polo Goberno galego dun plan experimental de cultivo de variedades de mazás autóctonas en distintas áreas xeográficas co fin de estudar a súa viabilidade e a súa introdución no mercado con marchamo de calidade e singularidade, así como a súa posta a disposición dos agricultores mediante campañas de orientación e divulgación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 319, do 13.06.2018

3.2 33338 (10/PNC-002729)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co uso como vivenda por un particular do inmovible propiedade da Xunta de Galicia coñecido como "casa da Pedragueira", no lugar de Ribeira, Reis, no concello de Teo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 338, do 19.07.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

Moisés Blanco Paradelo
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Moisés Blanco Paradelo	P
Vicepresidente	
Daniel Vega Pérez	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM
Antón Sánchez García	EM

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 07.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 07.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 32731(10/CPC-000058)


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, por petición propia, para informar da creación e obxectivos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal)


Publicación da iniciativa, 329, 29.06.2018



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



galicia



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes -do director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria para informar da **"creación e obxectivos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal)"**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Autorizado por: GARCIA, SENORANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 22/06/2018 09:29:18

CVE: Y0BOYEF86
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 07.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 07.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 33464(10/POC-005227)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre os resultados da aplicación da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia

Publicación da iniciativa, 342, 27.07.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2018 10:38
Nº Rexistro: 33464
Data envío: 16/07/2018 10:38:29.457

Á Mesa do Parlamento

José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Daniel Vega Pérez e Miguel Prado Patiño, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión, 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Contra o que adoita afirmar a oposición, que acusa ao goberno de “propaganda” en cada un dos proxectos lexislativos que trae a este Parlamento, a actividade lexislativa da Xunta ten sido especialmente prolífica e certa na anterior lexislatura.

De feito, a pasada lexislatura foi a segunda da historia de Galicia na que máis leis se teñen aprobado (55), mais isto veu acompañado dun esforzo considerable de racionalización e integración normativa, pois por vez primeira vez o número de leis vixentes ao final da lexislatura foi inferior ao existente ao seu comezo. Aprobáronse tamén as primeiras Directrices de Técnica Normativa de Galicia, para unificar os criterios de redacción de toda a lexislación galega.

As prioridades temáticas da acción lexislativa da Xunta de Galicia nestes catro anos teñen sido, fundamentalmente, tres: a reactivación económica, a mellora do benestar social e a racionalización en todos os sentidos, tanto no territorial como no de estruturas administrativas ou servizos públicos.

Outra prioridade, neste caso xa dende o punto de vista técnico e de autogoberno foi a substitución e modernización de textos con máis de 20 anos de antigüidade. Reduciuse nunha vintena o número de leis con máis de 25 anos de antigüidade que se manteñen vixentes en Galicia. Hoxe temos, en consecuencia, un mapa normativo fundamente renovado.

Pero para dispoñer dun ordenamento xurídico completo, claro e operativo son claves tres aspectos: poucas leis pero modernas e ben desenvolvidas e concretadas.

En consecuencia, dende o Grupo Parlamentario Popular queremos cuestionar á Xunta de Galicia sobre a efectividade real das normas aprobadas na pasada lexislatura.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que resultados ten dado ata o de agora a aplicación da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia?



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2018 10:38
Nº Rexistro: 33464
Data envío: 16/07/2018 10:38:29.457**

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

José González Vázquez na data 11/07/2018 18:27:24

Raquel Arias Rodríguez na data 11/07/2018 18:27:35

Silvestre Balseiros Guinarte na data 11/07/2018 18:27:42

Moisés Blanco Paradelo na data 11/07/2018 18:27:53

Carlos Gómez Salgado na data 11/07/2018 18:28:00

Daniel Vega Pérez na data 11/07/2018 18:28:08

Jesús Miguel Prado Patiño na data 11/07/2018 18:28:19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 07.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 33490(10/POC-005238)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre as medidas a adoptar polo Goberno galego destinadas a paliar a crise do sector cunicultor

Publicación da iniciativa, 342, 27.07.2018

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Galicia conta, con 230 explotacións de coellos das pouco máis de 3.000 existentes en todo o Estado. Ten, polo tanto, un peso importante na produción de carne así como na produción de caza para a repoboación.

O sector cunicultor a nivel nacional e o galego, en particular, leva varios anos padecendo unha crise de prezos agravada ata termos insostibles dende o ano 2014.

Ao longo do ano 2018 o prezo medio cobrado polos produtores foi de 1,60 euros/kg, cando os custos de produción se situan entre 1,80 e 1,85 euros/kg.

Como pasa noutros dos nosos sectores produtivos, a continua banalización do produto nas grandes superficies onde estas fan financiar ao produtor a súa estratexia comercial, a ausencia de capacidade de negociación dos produtores, a atomización do propio sector, e a ausencia dunha normativa eficaz que verdadeiramente prohiba estas prácticas abusivas fan que moitas explotacións estean en verdadeiro risco de desaparición.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que medidas adoptou e ten previsto adoptar o Goberno galego diante da grave crise que padecen os cunicultores galegos?

2ª) Ten pensado o Goberno galego regular o sacrificio e a venda directa de coellos en granxa?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2018 11:33
Nº Rexistro: 33490
Data envío: 16/07/2018 11:33:57.286



Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 16 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/07/2018 11:22:22

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz na data 16/07/2018 11:22:31

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 07.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 07.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3.1 31834(10/PNC-002588)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o deseño e a dotación orzamentaria polo Goberno galego dun plan experimental de cultivo de variedades de mazás autóctonas en distintas áreas xeográficas co fin de estudar a súa viabilidade e a súa introdución no mercado con marchamo de calidade e singularidade, así como a súa posta a disposición dos agricultores mediante campañas de orientación e divulgación

Publicación da iniciativa, 319, 13.06.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 11:32
Nº Rexistro: 31834
Data envío: 04/06/2018 11:32:21.682

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os mercados actuais están copados no seu labor alimentario polas grandes cadeas de distribución que moven produtos desde os máis recónditos lugares xeográficos do planeta.

Estes alimentos producidos a prezos irrisorios por poboacións que viven en condicións de explotación e de paupérrimas condicións alimentarias, sanitarias e de xustiza social, son postos a prezos cos que a meirande parte das veces os produtores locais non poden competir.

Compiten, si, en calidade, condicións hixiénicas e sanitarias e no control na utilización de fitosanitarios, almacenamento e sobre todo en calidade.

É tamén unha realidade a uniformización de sabores, o sacrificio da calidade e da orixinalidade destes produtos alimenticios en aras da cantidade e do baixo custo.

É tamén unha realidade o abandono da fruticultura como actividade agraria neste noso País que pola contra conta cunha vasta variedade de microclimas e solos propicios para o desenvolvemento desta actividade como xeradora de economía e con posibilidades de asentamento de poboación chamando por brazos mozos.

Existe, en Guísamo, antiga sede do CIAM unha colección de variedades autóctonas galegas, preto do medio centenar, recollidas e seleccionadas polos anos 60, de mazás de sidra e de mesa que están á espera de que alguén con bo criterio se lembre da súa existencia e da renomeada sona que antano tiñan entre a poboación deste País e entre a de fóra.

Houbo perante o moi lembrado Bipartito, e non sempre con boas intencións, proxectos para a reintrodución dalgunhas destas variedades que contan con tódolos elementos necesarios: presentación, aroma e sabores, para seren introducidas nun mercado cada vez máis esixente nas personalidades propias e sabores e aromas con "pedigrí".

Por todo o exposto anteriormente, O Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Deseñar e orzamentar un plan experimental de cultivo en diversas áreas xeográficas de variedades de mazás autóctonas anteriormente citadas para ver a viabilidade no seu cultivo e a súa introdución no mercado con márchamo de calidade e singularidade.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 11:32
Nº Rexistro: 31834
Data envío: 04/06/2018 11:32:21.682

-Poñer a disposición dos agricultores que así o desexen estas variedades mediante campañas divulgativas e orientativas.”

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/06/2018 11:31:53

María Montserrat Prado Cores na data 04/06/2018 11:31:59

Ana Pontón Mondelo na data 04/06/2018 11:32:00



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 11:32
Nº Rexistro: 31834
Data envío: 04/06/2018 11:32:21.682

Olalla Rodil Fernández na data 04/06/2018 11:32:01

Noa Presas Bergantiños na data 04/06/2018 11:32:03

Xosé Luis Bará Torres na data 04/06/2018 11:32:05

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 07.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3.2 33338(10/PNC-002729)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co uso como vivenda por un particular do inmovible propiedade da Xunta de Galicia coñecido como "casa da Pedraqueira", no lugar de Ribeira, Reis, no concello de Teo

Publicación da iniciativa, 338, 19.07.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea a través dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García e Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.ª**, sobre o uso da “Casa da Pedraqueira”, no lugar de Ribeira, Reis, no Concello de Teo, propiedade da Xunta de Galicia por parte dun particular.

Exposición de motivos.

A Xunta de Galicia é titular dunha vivenda coa referencia catastral 002201700NH33F001MR e de superficie de 120 metros cadrados integrada nunha finca denominada a Pedraqueira, que ten unha superficie de 3.262 metros cadrados, sita no lugar de Ribeira, parroquia de Reis, concello de Teo.

O ben consta no Inventario Xeral de bens e dereitos da Comunidade Autónoma de Galicia co código C1534, inmovible adscrito ao Servizo de Conservación da Natureza de Pontevedra para a vixilancia de ríos.

Dito inmovible ten carácter demanial ao estar afecto ao dominio público, e adscrito organicamente a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a quen lle corresponden as facultades de administración, xestión e conservación do ben.

A lei 5/2011 do 30 de setembro de Patrimonio de Galicia establece o réxime xurídico dos bens e dereitos que integran o Patrimonio de Galicia e que regulan



as autorizacións especiais de uso en precario sobre bens afectos ou adscritos segundo o recollido no artigo 37.

Este inmovible viña usándose como vivenda para os Axentes forestais que vixiaban os coutos do salmón do río Ulla.

Nun informe emitido pola Directora Xeral de Conservación da Natureza con data de 8 de marzo de 2016, indícase que a situación do inmovible é ideal para usarse como centro de traballo do persoal do ZEC ULLA-DEZA, e no que recolle que non existe ningunha normativa no ámbito da Conservación da Natureza que faculte que unha edificación da administración poida ser ocupada por traballadores a nivel de vivenda particular unifamiliar.

A Asociación Profesional dos Axentes Forestais e Medioambientais de Galicia formulou unha queixa ante a Valedora do Pobo, por razón do uso de xeito irregular e consentido por parte das administración pública deste ben inmovible coñecido como a “Casa de Pontevea” ou “Casa da Pedraqueira”, no lugar de Ribeira, Reis, no Concello de Teo, da Xunta de Galicia por parte dun particular.

Esta vivenda usábase tradicionalmente como residencia para os axentes forestais que atendían os coutos e aproveitamentos de perca no río Ulla. Ata o ano 1997 estivo ocupada por un axente forestal que a deixou libre á data da súa xubilación. Posteriormente foi reformada e entregada a unha persoa que forma parte do cadro de persoal laboral da Xunta de Galicia, e que consta como encargado.

No ano 2016 solicitouse por escrito que se autorizase o uso como vivenda da casa mentres se prestasen servizos como axente facultativo medioambiental na zona do ría Ulla, solicitude que se desestimou por resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio na data de 10 de xuño de 2016 e na que se sinala *“a idoneidade do inmovible para empregarse como centro de traballo do persoal que exerce as súas función na ZEC Sistema Fluvial Ulla-Deza e na actualidade non existe ningunha normativa*



no ámbito da conservación da natureza nin na lexislación laboral correspondente que faculte que unha edificación da administración poida ser ocupada por persoal traballador”. Así conforme á Lei de Patrimonio da Xunta de Galicia non é posible outorgar unha autorización para empregar o inmovible como vivenda.

Fronte a esta resolución da secretaría xeral técnica presentouse recurso de reposición de data de 27 de xuño de 2016, no que se solicitaba que se este uso como vivenda non era compatible coa normativa vixente na materia que se desafiuzase a persoa ocupante e recuperar a edificación como centro de traballo segundo o informe da Dirección Xeral de Conservación ou ben se o uso é compatible co de vivenda que se procedese a por a disposición da axente facultativa medioambiental que solicitara o seu uso como tal e como se viñera facendo de xeito consuetudinario.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio dificulta a labor da Valedora do pobo na tramitación e resolución desta queixa presentada por APRAFOGA.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a restablecer o uso do inmovible como base operativa para o persoal e medios adscritos ao Servizo de Conservación da Natureza de Pontevedra, que exercen as súas funcións e cometidos no ZEC Ulla-Deza do Distrito XVI.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/07/2018 11:06
Nº Rexistro: 33338
Data envío: 11/07/2018 11:06:42.665

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Deputados e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 11/07/2018 10:52:14

Antón Sánchez García na data 11/07/2018 10:52:25

Luis Villares Naveira na data 11/07/2018 10:52:36